- Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións.
- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.
- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.
- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.
- Movementos e transformacións.
- Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.
- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).

UD	Título da UD	Duración
10	MOVEMENTOS NO PLANO.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolver problemas aplicando transformacións no plano.	PE	100
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante transformacións no plano		
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións entre as transformacións do plano e o campo da arte.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representar vectores e as transformacións no plano con ferramentas dixitais e manipulativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movementos e transformacións. - Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).

UD	Título da UD	Duración
11	PROPORCIONALIDADE.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpretar problemas de porcentaxes e proporcionalidade directa, inversa e composta elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas que permitan a resolución dos problemas propostos.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolver problemas de porcentaxes e proporcionalidade directa, inversa ou composta calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expor variantes dun problema dado modificando a constante de proporcionalidade utilizada.		
CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións coherentes entre as proporcións e outras materias (p. ex. Química), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Razoamento proporcional. - Desenvolvemento e análise de métodos para resolver problemas en situacións de proporcionalidade directa, inversa e composta en diferentes contextos (aumentos e diminucións porcentuais, rebaixas e subidas de prezos, impostos, cambios de divisas, cálculos x - Educación financeira. - Interpretación da información numérica en contextos financeiros sinxelos. - Aplicación do Interese simple e composto en problemas contextualizados. - Métodos para a toma de decisións de consumo responsable atendendo ás relacións calidade-prezo e ao valor-prezo en contextos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
12	SUCESIÓNNS.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpretar problemas de progresións aritméticas e xeométricas de números naturais relacionando os termos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolver problemas de progresións aritméticas e xeométricas empregando o seu termo xeral e o cálculo da suma dos n primeiros termos.		
CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recoñecer patróns nos termos de sucesións sinxelas que facilitan o cálculo do seu termo xeral e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expor variantes dun problema de termo xeral de sucesións dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións para que quede modificado o termo xeral.		
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organizar datos e descompoñer o termo xeral dun problema de sucesións en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Relacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. - Patróns. - Patróns: identificación e comprensión, determinando a regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. - Fórmulas e termos xerais: obtención mediante a observación de pautas e regularidades sinxelas e a súa xeneralización. - Modelo matemático. - Modelización de situacións da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.

UD	Título da UD	Duración
13	MATEMÁTICAS PARA A VIDA EN SOCIEDADE	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de traballo basearase nos seguintes principios:

- Partir da competencia inicial do alumnado, para que tanto o alumnado como o profesorado saiban onde están e cara onde van. Realízase unha avaliación inicial ao comezo do curso para detectar cales son os coñecementos previos que posúen os alumnos/as observando, tamén, o nivel de desenvolvemento do alumnado en todas as unidades didácticas.
- Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento. A introdución dos conceptos débese facer de forma intuitiva e buscar pouco a pouco o rigor matemático, adecuando sempre a metodoloxía utilizada á capacidade de formalización que ao longo da etapa irá desenvolvendo o alumno/a.
- Buscar dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilidade dos contidos tratados. A información que recibe o alumno/a debe ser lóxica, comprensible e útil e abordarse dende diferentes ópticas con carácter interdisciplinario.
- Fomentar a participación activa e a reflexión, tanto individual como grupal en aprendizaxe cooperativo ou colaborativo.
- Propiciar situacións de aprendizaxe que conecten coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos/as co fin de que resulten motivadoras.
- Utilizar de forma axeitada en cada situación e problema a ferramenta tecnolóxica que poda favorecer as actividades de ensinanza-aprendizaxe: coma a Aula Virtual, determinados programas matemáticos, a calculadora,... A aprendizaxe levarase a cabo na interacción profesor/a-alumno/a. O profesor/a actuará como guía e intermediario entre os coñecementos previos e os novos, proporcionando axuda en función das necesidades de cada alumno/a e favorecendo ao mesmo tempo a interacción alumno/a-alumno/a. O profesor/a propón, induce, insinúa, guía e promove situacións de interacción para que se produza un intercambio de información e experiencias que garantirán a construción do coñecemento por parte do alumno/a e así vaia gañando en autonomía.

As actividades, individuais ou en grupo, son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades:

Actividades iniciais, a súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento, o seu obxectivo é traballar os contidos tratando de manter a motivación do alumnado e buscando a aplicación do aprendido en situacións da vida real.

Actividades de reforzo e ampliación, ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e

capacidades do alumnado, faise necesario propoñer actividades de reforzo para reforzar contidos e destrezas e, tamén, actividades de ampliación para desenvolver contidos de maior complexidade.

Actividades de avaliación, prográmanse actividades que especificamente teñan unha función avaliadora para determinar o grao de consecución dos obxectivos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Matemáticas 3º ESO (Proyecto construyendo mundos) da Editorial Santillana, edición 2022 cuxo ISBN é: 978-84-680-4955-7
Boletíns de actividades de reforzo.
Boletíns de actividades de ampliación.
Materiais manipulativos (regra, compás, transportador de ángulos, calculadora, figuras xeométricas, etc).
Caderno do/a alumno/a.
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado tradicional, ...).
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo).
Plataforma EVA Edixgal.

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional na que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se poderá utilizar a aula de informática na que haberá ordenadores para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

A plataforma EVA Edixgal será empregada para que o alumnado teña á súa disposición presentacións, enlaces de interese ou distintos materiais que o profesor/a colocará para reforzar, consolidar e ampliar os distintos contidos que se vaian dando.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras: a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula,... Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	9	9	7	6	6	6	6	6
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	15	100
Proba escrita	100	100	0	85
Táboa de indicadores	0	0	100	15

Crterios de cualificación:

En cada unha das tres avaliacións realizaranse dúas probas escritas, cualificadas de 0 a 10 puntos, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. A avaliación das probas escritas seguirá o seguinte esquema:

Na 1ª avaliación: Na primeira proba, cun peso do 40%, avaliaranse os contidos impartidos ata a data da mesma e, na segunda proba, cun peso do 60%, avaliaranse todos os contidos impartidos na avaliación.

Na 2ª avaliación: Na primeira proba avaliaranse os contidos da primeira avaliación e os contidos impartidos ata ese momento na segunda avaliación e, na segunda proba, só se avaliarán os contidos da segunda avaliación. As dúas probas terán o mesmo peso.

Na 3ª avaliación: Na primeira proba avaliaranse os contidos da primeira avaliación e os contidos impartidos ata ese momento na terceira avaliación e, na segunda proba, avaliaranse os contidos da 2ª avaliación e todos os contidos impartidos na terceira avaliación. As dúas probas terán o mesmo peso.

Para cualificar cada proba escrita teranse en conta os seguintes criterios de corrección:

- Terase en conta na cualificación dos problemas e exercicios os razoamentos expresados de forma adecuada na explicación do proceso da súa resolución.
- Nos exercicios deberán figurar as operacións e os cálculos necesarios para a súa resolución.
- Na resolución dos exercicios distinguirase entre erros de cálculo e erros conceptuais.
- Non se puntuará o exercicio cando só se poña o resultado sen ningún tipo de aclaración ou proceso, ou se dean dous ou máis resultados distintos para un problema ou exercicio sen indicar claramente cal é o resultado que se debe ter en conta na corrección do mesmo.
- No desenvolvemento dos exercicios tamén se valorará a exposición clara, ordenada e razoada, así como, a utilización dunha terminoloxía e notación matemática axeitadas.
- No caso de que algún alumno/a copie nunha proba escrita ou faga copia literal ou de forma importante dun traballo (tanto dun compañeiro/a como de información presente en Internet), a nota nesa proba ou traballo será un 0.
- O uso da calculadora, non gráfica e non programable, nas probas está restrinxido a aqueles exercicios ou problemas que o profesorado considere oportuno.
- Se algún alumno/a faltase a algunha proba, se lle repetiría sempre e cando presente xustificante médico ou unha xustificación por causa grave.

Para obter a nota de cada avaliación farase o 85% do resultado do cálculo das notas das dúas probas escritas de cada avaliación (na 1ª avaliación cunha media ponderada, e na 2ª e 3ª cunha media aritmética, como se indicou anteriormente). O 15% restante, que se cualificará de 0 a 10 puntos, obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos individuais ou cooperativos(10%).
- O seguimento do traballo individual do alumno/a(5%).

A nota de cada avaliación calcularase con dúas cifras decimais e será redondeada segundo o seguinte criterio:

- Se a parte decimal é de 75 centésimas ou máis, a parte enteira auméntase nunha unidade.
- Se a parte decimal é inferior a 75 centésimas, a parte enteira non varía.

Para superar unha avaliación, a nota da mesma debe ser de cinco ou máis puntos.

A nota final do curso será a media ponderada das notas obtidas, sen aplicar o redondeo, da primeira, segunda e terceira avaliación cun peso do 25%, 35% e 40% respectivamente. Esta nota calcularase con dúas cifras decimais e será redondeada segundo o seguinte criterio:

- Se a parte decimal é de 50 centésimas ou máis, a parte enteira auméntase nunha unidade.
- Se a parte decimal é inferior a 50 centésimas, a parte enteira non varía.

Para superar o curso a nota final deberá ser de cinco ou máis puntos.

Crterios de recuperación:

Se un alumno/a obtén unha cualificación inferior a cinco puntos nalguna avaliación, terá oportunidade de facer unha proba escrita de recuperación da avaliación correspondente co fin de facilitarlle a recuperación da materia, cuxa data poderá ser posterior á data de celebración da mesma, salvo no caso da terceira avaliación que se realizará con anterioridade á data de celebración da avaliación final. Dita proba escrita versará sobre os contidos avaliados na avaliación correspondente.

O alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos non poderá realizar dita proba de recuperación.

No cálculo da nota final, se a cualificación da proba de recuperación é maior que a nota da correspondente avaliación suspensa, dita nota substituiráa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos/as que teñan a materia de Matemáticas de 3º ESO pendente deberán recuperala según o Plan de Reforzo das Matemáticas Pendentes exposto a continuación:

Metodoloxía a desenvolver: O profesor/a do departamento de Matemáticas que lles dea clase aos alumnos/as coa materia pendente de Matemáticas de 3º ESO, encargarse de levar todo o relativo a dita materia pendente.

Entregaralles dous boletíns de exercicios (Boletín1 da 1ª Avaliación de pendentes e Boletín2 da 2ª Avaliación de pendentes) cunha data límite de entrega, e que lles servirán de guía para a preparación das correspondentes probas escritas (Proba escrita1 relativa ao Boletín1 e Proba escrita 2 relativa ao Boletín2) as cales versarán sobre os contidos expostos nos seus respectivos boletíns.

Dito profesor atenderá ás posibles dúbidas que lles poidan xurdir ao longo do curso.

A avaliación da materia pendente desenvolverase da seguinte maneira:

Para obter cada unha das notas da 1ª e 2ª avaliación de pendentes farase o 90% da nota da correspondente proba escrita e, o 10% restante obterase da nota do correspondente boletín.

Tanto as probas escritas1 e 2 coma os Boletíns1 e 2, cualificaranse de 0 a 10 puntos.

As notas da 1ª e 2ª avaliación de pendentes calcularase con dúas cifras decimais e será redondeada segundo o seguinte criterio:

- Se a parte decimal é de 50 centésimas ou máis, a parte enteira auméntase nunha unidade.
- Se a parte decimal é inferior a 50 centésimas, a parte enteira non varía.

A nota final da materia pendente será a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación de pendentes. Esta nota calcularase con dúas cifras decimais e será redondeada segundo o seguinte criterio:

- Se a parte decimal é de 50 centésimas ou máis, a parte enteira auméntase nunha unidade.
- Se a parte decimal é inferior a 50 centésimas, a parte enteira non varía.

Se esta nota final é igual ou superior a cinco puntos, considerarase que o alumno/a ten superada a materia pendente e cualificarase esta materia con esta puntuación, tanto na 3ª avaliación como na Avaliación Final.

No caso de que un alumno/a non superase a materia pendente poderá recuperala presentándose á proba escrita3 (proba de recuperación final de pendentes) na 3ª avaliación de pendentes, a cal versará sobre os contidos expostos nos boletíns1 e 2. Cualificarase de 0 a 10 puntos.

Para obter a nota de recuperación final de pendentes farase un 90% da nota da proba escrita3 e, o 10% restante obterase do cálculo da media aritmética dos boletíns1 e 2 anteriormente entregados e avaliados na 1ª e 2ª avaliación de pendentes. Esta nota calcularase con dúas cifras decimais e será redondeada segundo o seguinte criterio:

- Se a parte decimal é de 50 centésimas ou máis, a parte enteira auméntase nunha unidade.
- Se a parte decimal é inferior a 50 centésimas, a parte enteira non varía.

Se esta nota de recuperación final de pendentes é superior á nota final da materia pendente, substituiráa e poñerase

como nota na Avaliación Final de Pendentes.

Para superar a materia pendente, o valor da Nota na Avaliación Final de Pendentes debe ser de 5 ou superior.

Para cualificar as probas escritas teranse en conta os seguintes criterios de corrección:

- Terase en conta, na cualificación dos problemas e exercicios, os razoamentos expresados de forma adecuada na explicación do proceso da súa resolución.
- Nos exercicios deberán figurar as operacións e os cálculos necesarios para a súa resolución.
- Non se puntuará o exercicio cando só se poña o resultado sen ningún tipo de aclaración ou proceso, ou se dean dous ou máis resultados distintos para un problema ou exercicio sen indicar claramente cal é o resultado que se debe ter en conta na corrección do mesmo.
- No desenvolvemento dos exercicios tamén se valorará a exposición clara, ordenada e razoada, así como, a utilización dunha terminoloxía e notación matemática axeitadas.
- No caso de que algún alumno/a copie nunha proba escrita a nota nesa proba será un 0.
- O uso da calculadora, non gráfica e non programable, nas probas está restrinxido a aqueles exercicios ou problemas que o profesorado considere oportuno.
- Se algún alumno/a faltase a algunha proba, se lle repetiría sempre e cando presente xustificante médico ou unha xustificación por causa grave.

Os aspectos relativos ás rubricas para avaliar os boletíns serán os seguintes, cunhas escalas para avalialos de 3, 2, 1 e 0:

- Data de entrega. Presentación.
- Traballados. Razoamentos. Estratexias.

No caso de que algún alumno/a faga copia literal ou de forma importante dos exercicios dos boletíns (tanto dun compañeiro/a como de información presente en Internet) a nota dese boletín será un 0.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son aqueles que pola súa importancia para o desenvolvemento das persoas, deben abordarse ao longo das distintas unidades didácticas. Por suposto, o seu tratamento non debe converterse en materia "aparte" que o estudante sinta como unha carga máis; senón que, tratados dunha forma natural, provocarán no alumnado a necesaria curiosidade e motivarán a súa aprendizaxe, que non o seu estudo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de ciencias	Actividades relacionadas co ámbito científico	X		

Observacións:

Se xurde a posibilidade de realizar a actividade Club de ciencias (exposta enriba) valorarase no seu momento.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes.
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación de forma eficaz.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Facilitación a cada alumna/o da axuda individualizada que precisa.
Atención adecuada á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias.
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado.

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da e o ltemporalización ogo dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

9. Outros apartados